

TEMA 3.

Parte 1: A Europa feudal.

Índice

1

Introdución → páxina 2.

1. O nacemento da Europa feudal → páxina 2.

2. A nobreza feudal → páxina 4.

- A vasalaxe → páxina 4.

3. O poder da Igrexa → páxina 5.

4. O campesiñado → páxina 6.



Introdución:


Na Idade Media, formouse en Europa occidental un novo sistema **político, económico e social**, chamado **feudalismo**. Naceu nas terras situadas entre os ríos Loira e Rin. No sistema feudal, o **rei** entregaba terras (**feudos**) a **nobres** e **clérigos** para que as gobernasen no seu nome. A cambio, estes convertíanse en **vasalos** do rei, xurándolle **fidelidade** e prestándolle axuda en campañas militares. Durante esta época, **a meirande parte da poboación** era **campesiña**. Moitos deses campesiños convertéronse en **servos** (homes **non libres** que estaban ó servizo dun señor) dos nobres, a cambio de protección.

2

1. O nacemento da Europa feudal

Entre os **séculos IX e X**, os **normandos** (vikings), **musulmáns** e **húngaros** atacaron e invadiron as terras de Europa occidental, xerando unha gran **crise**.

- Ante esta situación, os **reis pediron axuda ós nobres** (que posuían exércitos) → a cambio, o rei **entregáballes terras e poder**, converténdoo así en **vasalos da monarquía**. Así foi como naceu o **feudalismo**.
- Estes **nobres** convertéronse en **señores feudais**, que posuían grandes propiedades e eran a principal autoridade nos seus feudos ou territorios.
- O **campesiñado** acudía á nobreza en busca de protección ante a ameaza de posibles ataques.



A **sociedade medieval** estaba dividida en **estamentos**. Os estamentos eran **grupos pechados** ós que as persoas **pertencían por nacemento, para toda a súa vida**. Eran os seguintes:

a. Estamentos privilexiados:

- ✓ **Nobreza**. Tamén chamados **bellatores**, o seu cometido era defender á poboación.
- ✓ **Clero**. Tamén chamados **oratores**, a súa función era rezar para salvar ás almas.

b. Estamento non privilexiado:

- ✓ **Artesáns e campesiños**. Eran os **laboratores**, xa que se gañaban a vida co seu traballo.

A SOCIEDADE ESTAMENTAL

Un estamento é un grupo pechado, ó que soamente podía accederse por nacemento ou mediante condicións moi esixentes.

NOBREZA



Destinados a **loitar** nas guerras para **defender** ós demais estamentos

CLERO




Destinados a **rezar** para salvar ás almas

NON PRIVILEXIADOS



Destinados a **traballar** para manter ó conxunto da sociedade

A pirámide estamental



2. A nobreza feudal


Durante a Idade Media, os **reis** eran considerados os representantes de Deus na terra. Este cargo era hereditario. O rei era a **máxima autoridade** (militar, administrativa e xudicial). O **reino** (o territorio baixo a súa autoridade) era considerado como o seu **patrimonio persoal** (é dicir, propiedade do monarca).

- Tiñan atribucións exclusivas como:
 - Dirixir campañas militares.
 - Recadar impostos.
 - Exercer de xuíces supremos nos pleitos.

A **nobreza** dedicábase á **guerra**: loitaban para defender o seu territorio ou para axudar ó monarca ou a outro señor.

- Tiñan privilexios, como non traballar ou non pagar impostos.

Os **reis** e **raíñas**, así como o resto da **nobreza**, vivían en fortalezas ou castelos. Estes servían como **refuxio** á poboación en caso de sufrir un ataque.



Preme sobre [esta ligazón](#) para indagar sobre as partes dun castelo medieval galego.

→ A vasalaxe:

Os **reis**, como non tiñan medios para impoñer a súa autoridade en todo o seu reino, recorreron a **establecer relacións de vasalaxe** coa **nobreza**.

Que era a vasalaxe? A vasalaxe era un **pacto de fidelidade** entre o rei e un nobre, que se establecía nunha cerimonia dobre:

- 1) A **homenaxe**. No castelo, o rei (señor) recibe ó nobre e **pregúntalle** se quere converterse no seu vasalo, este responde “si, quero” e ofrece as **mans xuntas** en sinal da súa entrega, que o señor acolle entre as súas. Despois, **xura fidelidade** sobre o libro sagrado ou reliquias. Finalmente, selan o pacto cun **bico**. Como consecuencia da homenaxe, o **señor** recibe a **fidelidade do vasalo**, axuda militar e consello no goberno; e o **vasalo** obtén **sustento económico**, **protección** e **defensa xurídica**.
- 2) A **investidura**. O señor outorga un **feudo** (terras) ó vasalo para que o administre, o defenda, e o explote economicamente. En sinal do feudo entrégase un **obxecto simbólico** (unha vara, flores, terra...).

5

3. O poder da Igrexa

Na Idade Media, a **Igrexa** **dirixía a vida social e privada** de todas as persoas (organizaba as cerimonia -bautismo, matrimonio, funeral...-; regulaba as festas -Nadal, Pascua, Coresma...-; predicaba a caridade, etc.) e **fixaba obrigas relixiosas** (oír misa os domingos, xaxuar en Coresma, comulgar por Pascua...). O clero tiña a función de **rezar pola salvación das almas**.

A Igrexa **estableceuse no campo** para dirixir a vida dos campesiños. Para iso, construíronse **igrexas** en todas as aldeas, e **mosteiros** que se converteron en importantes centros de cultura. Nos mosteiros copiábanse unha grande variedade de textos (relixiosos, de astronomía, bestiarios, herbarios...).




A Igrexa era **propietaria** de boa parte das **terras** e de moitos **edificios** (mosteiros, conventos, igrexas). Estas propiedades proporcionábanlles elevadas rendas e beneficios. Nos seus señoríos cobraban **rendas** e recibían **doazóns** dos fieis.

Segundo o seu destino e a dedicación, o clero dividíase en:

- **Clero secular:** eran os sacerdotes e bispos que atendían os oficios e ós crentes.
- **Clero regular:** eran os monxes e monxas. Pertencían a diferentes ordes relixiosas (como a beneditina, unha das máis importantes) e vivían en comunidade nos mosteiros, baixo a autoridade dun abade ou dunha abadesa. Dedicábanse a rezar, xestionar as terras dos mosteiros, estudar, copiar códices...

6



4. O campesiñado

Constituían a inmensa **maioría da poboación** (90%), dedicábanse a **cultivar** a terra e **coidar** o gando e vivían en pequenas terras ou granxas illadas. As súas condicións de vida eran moi duras. Traballaban sen descanso pero, debido ás rudimentarias ferramentas de labranza, os rendementos apenas daban para sobrevivir. Nesta **agricultura de autoconsumo**, a alimentación era pouco variada e insuficiente e os intercambios moi escasos (as familias elaboraban os produtos que precisaban).

Dentro do campesiñado había **dúas categorías**:

- 1) Os campesiños libres, que traballaban terras da súa propiedade (**alodios**) e gozaban de liberdade. Debido á inseguridade do momento o seu número foi diminuindo xa que moitos cedían as terras ó señor a cambio de protección. Deste xeito, gañaban seguridade pero perdían liberdade (pasaban a ser servos).
- 2) Os servos. Traballaban nas terras dun señor feudal e tiñan a súa liberdade moi limitada (non podían casar, nin deixar herdanza, nin abandonar as terras sen permiso do señor).

A vida no campo organizábase arredor do **feudo**, terras baixo o dominio dun señor. Eran terras outorgadas polo rei ou por un nobre a outro señor feudal. O feudo era unha **propiedade vinculada**, é dicir, o **señor** tiña dereito a explotalo e podía transmitilo en herdanza, pero **non podía vendelo** nin fragmentalo.

As **terras** dentro do **feudo** organizábanse da seguinte maneira:

- a) **Reserva señorial**: eran as **mellores terras** do feudo, que o señor se reservaba para a súa explotación directa (inclúe prados, bosques comunais, muíños, o castelo...).
- b) **Mansos**: eran as parcelas de **terra que o señor repartía entre os campesiños** ó seu servizo, a cambio de que estes lle pagasen rendas (en metálico ou en especie) e de obrigas (como traballar gratis na reserva señorial).

O **señor** tiña a xurisdición sobre as terras do feudo. É dicir, podía ditar leis, impartir xustiza, recadar impostos polo uso das pontes, dos muíños, etc.

Partes dun feudo

